



2 Arrodea. Que podes atopar na montaña?



3 Completa as oracións coas palabras do crebacabezas.



- A _____ dá olivas.
- A _____ dá cereixas.
- A _____ dá mazás.
- O _____ dá piñas.




4 Le o poema e fai un debuxo.

Tanto te escondiches,
Sol...

Tanto te escondiches, Sol,
que a duras penas te vexo;
mais inda un raio che pido,
rei da luz, o derradeiro!,
para que se rían os montes
e se alegren os penedos.

A. NORIEGA VARELA
Do ermo



1 Le e completa o resumo da excursión.



Excursión con misterio

Un día, os rapaces e as rapazas da clase de 2.º foron de excursión á montaña. Polo camiño descubriron un dragón agochado detrás das pedras e Dani dixo que podía ser un príncipe encantado. Todos escacharon coa risa.

Descansaron debaixo dunhas árbores e, mentres facían voar os papaventos, viron unha casa baleira que parecía encantada: dentro oíanse unhas voces moi fortes, coma de xigante. Todos estaban moi atemorizados, ata que descubriron que só era... unha radio abandonada!

Un día, _____

Polo camiño, descubriron _____

Despois, viron _____

Dentro oíanse _____

Finalmente, descubriron _____

Nestes días que temos moito tempo libre, podemos aproveitar para contarlle a algún amigo/a o que estamos a facer para pasar o tempo na casa (a que xogos xogamos, se xogamos coa nosa mascota, coa nosa familia...) e así tamén darlle algún consello sobre o que pode facer el/ela se se atopa algún día aburrido/a...

Déixovos aquí a caixiña coa forma que debe ter o correo electrónico, é o mesmo que fixemos na clase. Debaixo, quedavos tamén un exemplo.

Recordade: os puntos, as maiúsculas, as comas, os signos de interrogación e exclamación, a letra...

O correo electrónico

De	
Para	
Asunto	
Mensaxe:	<hr/>

O correo electrónico

De:	profealejandra@gmail.com
Para:	profeloli@gmail.com
Asunto:	Diplomas Smartick
Mensaxe:	<p>Bo día Loli:</p> <p>Envíoches esta mensaxe porque non sei moi ben o que teño que facer para darlles os diplomas aos nenos/as.</p> <p>Xa probei un montón de cousas e non son capaz a facelo dende o ordenador. Poderías enviarme un correo explicando os pasos que debo seguir?</p> <p>Moitas gracias de antemán e un saúdo!</p> <p>Alejandra</p>

